

EXCURSIÓN A CELEIRO (VIVEIRO)

Andrea Valle Alonso 2º ESO

O día 26 de Abril fomos de excursión a Celeiro. Tivémonos que levantar moi cedo porque había que estar ás 07:40 horas na praza de Pedrafita. Fomos todos e todas medio durmidas, ata algúns fomos intentando descansar polo camiño aínda que nos resultou un chisco difícil.



Cando chegamos a Celeiro eran ao redor das dez da mañá. Primeiro fomos á lonxa onde esperamos polos cativos do CPI Navia de Suarna que nos acompañaron na que saen

excursión. Na lonxa vimos os barcos pescar, cómo traen os peixes e cómo traen.

Traen peixes como a maragora ou *labrus berylta*, o macho ou *beryx decadactylus*, a pescada ou *merluccius*, a maruca ou *molva molva*, o galo ou *lepidorhonus spp*, etc.



Os artiluxios utilizados na pesca son os aparellos de anzol, artes de enmalle, artes de cerco, artes de arrastre e artes de marisqueo. Despois de ver distintos peixes e de aprender cómo son e con qué se pesca dirixímonos a unha nave dos gardacostas que nos ensinaron un helicóptero enorme de entre 600 e 800 cabalos e os aparellos de rescate marítimo.



Cando remataron de ensinarnos todo isto, un gardacostas fixo unha exhibición de cómo funciona unha bengala. Despois dirixímonos a un lugar onde nos ensinaron os aparellos de pesca e onde nos regalaron uns folletos e uns mapas da zona. Cando rematamos, fomos ver a radio de control dos barcos e ensináronnos como funcionaba.

Tamén nos mostraron obxectos salvavidas e un simulador dun barco que puidemos conducir.

Despois dunha longa mañá axetreada, ás 13:30 horas fomos comer ao restaurante Louzao, unha comida por certo moi boa!!

Alí déronnos produtos pescados na zona.

Cando rematamos de xantar saímos cada cole ao seu autobús e volvemos cara a casa. Foi un día moi divertido e diferente aos días que nós vivimos aquí, na montaña lucense.

